

# VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

SEGUNDO NÚMERO DO ANUARIO INDESINENTER

## Un monográfico analiza a relación de Espriu con Galiza

A publicación do *Centre de Documentació i Estudi* sobre o intelectual catalán inclúe oito traballos de recoñecidos autores, como Alonso Montero, Rábade Paredes, Basilio Losada ou Helena Villar

Redacción - 09:00 04/12/2007

O segundo número de [Indesinenter](#), o anuario de estudos editado polo *Centre de Documentació i Estudi Salvador Espriu*, inclúe un monográfico dedicado á relación do intelectual catalán coa cultura e os autores galegos. No monográfico inclúense os seguintes traballos: *Espriu y la literatura gallega* (Basilio Losada), *Cartes de Salvador Espriu a Basilio Losada* (Gabiella Gavagnin), *Mi relación intelectual con Salvador Espriu* (Xesús Alonso Montero), *Salvador Espriu i Xosé Lois García* (Víctor Martínez Gil), *Traductions inédites al gallec de 'La pell de brau'* (Helena Villar e Xesús Rábade Paredes), *Els llibres gallecs a la biblioteca de Salvador Espriu* (Gabiella Gavagnin) e *La cultura gallega al Fitxer d'aprenentatge* (Olívia Gassol i Bellet).

A través destes estudos descóbrense a relación de Espriu con Celso Emilio Ferreiro, e a súa admiración por obras como *Sete poemas galegos* de García Lorca, *Os dous de sempre* de Castelao e *Follas novas* de Rosalía de Castro.

### Estudos previos sobre Espriu e Galiza

Xa en 2004 publicárase *Si de nou voleu passar*, un compendio dos traballos presentados no I Simposi Internacional Salvador Espriu celebrado o ano anterior. Nesas actas recóllíanse dous traballos específicos sobre as súas conexións coa cultura galega. María Felisa Rodríguez, da USC, ofrecía unha radiografía da recepción de Espriu entre o galeguismo e, xa que logo, diagrama un itinerario pola poesía socialrealista e a súa procura de modelos.

O outro artigo documentaba o papel destacado que tiveran algúns galegos en Barcelona como mediadores entre a figura e a obra de Espriu e a literatura galega, como Manuel Casado Nieto, Basilio Losada, Xesús González Gómez, Xosé Lois García ou Xosé Costa.